

ANUNCIO

O Tribunal calificador do proceso convocado para a selección de cinco prazas de policía (turno libre), comunica o seguinte:

CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN CONVOCADA PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE POLICÍA, C.E. 7/15.-

En cumprimento do acordado na Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración, de data 10/07/2017, **convócanse** ás persoas aspirantes para realizar o primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión de 5 prazas (quenda libre) de policía local para o día **16 de xaneiro de 2018**, as **16:30** horas, no Coliseum da Coruña, rúa Francisco Pérez Carballo, 2, 15008, A Coruña, portas 1 a 4.

As persoas aspirantes que poden presentarse a este exercicio son única e exclusivamente os que realizaron a proba o día 18/05/2017.

Notas.-

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI e de bolígrafo de tinta azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto no que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer as persoas aspirantes para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

Se se detecta a utilización de calquera aparello dos mencionados, a persoa aspirante será eliminada automaticamente do proceso selectivo. Se soa un móbil, as persoas aspirantes deberán mostrar o contido de bolsas, carteiras ou baleirar petos cando sexan cominados para iso por un membro do tribunal na procura do aparello, sendo motivo de expulsión do exercicio e anulación da proba a negativa para facilitar dita procura.

A Coruña, 20 de decembro de 2017

O Secretario do Tribunal

José Antonio Sánchez Ríos